



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)  
[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

Tristemente, cada ano volvemos a reunirnos para seguir lamentando a violencia que se sigue exerzendo contra as mulleres, polo mero feito do seu xénero. Podríamos dar muitas cifras que evidencian esta realidade, violencia de distinto tipo e grao, exercida sobre diferentes mulleres, de todas as idades, de calquera etnia, pertezente a diferentes clases sociais, e que se produce no ámbito laboral, persoal e social.

Pero hoxe non vamos a quedar con unha única cifra, 54 mulleres morreron no noso país do que vai de ano, a mans dos seus conxuxes, noivos, parellas, exparellas, en definitiva, a manos dos seus verdugos. Pero claro, as cifras non son únicas, só son estatística, non son 54 vítimas. Os números sempre esconden mais que evidencian, pois detrás de estas cifras, mostrános a verdadeira dimensión do drama que vivimos diariamente, están os fillos e as fillas das vítimas, a súa familia, os seus amigos e amigas, os seus compañeiros e compañeiras de traballo.

Estamos aquí para denunciar e condenar o maltrato físico, que deja marca e doe; o maltrato e control económico; que humilla e somete; o abuso verbal e o maltrato psicolóxico, que destrue e anula a individualidade e o maltrato sexual, que cosifica.

Non basta con lamentarse cando unha muller sin rostro ocupa os espazos mais relevantes dos medios de comunicación porque foi asasinada. As institucións deben asumir unha responsabilidade muito maior, pero tamen hai que combatir o mutismo e a pasividade nos nosos círculos mais próximos. Debemos de impedir que alguien faga dano amparado no silencio da vítima e de quensa rodean.

Coa conmemoración deste día queremos recuperar a memoria colectiva de todas as mulleres que sufrieron calquer tipo de violencia machista e asimismo recordar e compartir a loita de tantas mulleres que perderon a vida no seu compromiso polos seus dereitos humanos.

Por todo isto hoxe Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, desexamos unha vez mais, denunciar e levantar a nosa voz contra esta lacra. As agresións e ataques en calquera das súas formas, a desigualdade de oportunidades e a discriminación continúan formando parte da nosa realidade.

Aún así queda muito por facer e o esforzo realizado non parece suficiente para impedir a morte e o maltrato. Pero tamén é tarefa de toda a sociedade, de cada unha das persoas que a integramos, concienciarnos contra a violencia e actuar contra ela.

Hoxe con estos minutos de silenzo que gardamos polas victimas da violencia de xénero, cada un de esos minutos deben xerar unha conciencia social que promova acción concretas para garantir a seguridade e igualdade da muller.

Temos que fazer un frente común de TOLERANCIA CERO para non cesar en esta loita contra a Violencia de Xénero.

Por eso queremos transmitir a todas esas mulleres maltratadas o noso máis sentido mensaxe:

Nunca digas: el fixome enoxar, sufrir, chorar, reir ou gritar, xa que nadie é dono de ti mais que de ti mesma...

Recorda que non eres o títere de nadie, e nadie te controla.

Para finalizar este manifestó só cabe dicir:

*Ninunhamais...*